

O MEDIEVO, A CAMIÑERÍA E O LEGADO DOS ANDRADE

12.00 h. INAUGURACIÓN DA XORNADA

D. José Antonio Santiso Miramontes. Presidente GDR Mariñas Betanzos*

D. José Francisco Castro Vilariño. Presidente Asociación Vedoreira

Representante. Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer. AFACO

12.15 h. CONFERENCIA: O MEDIEVO, A CAMIÑERÍA E O LEGADO DOS ANDRADE

D. Alfredo Erias Martinez. Historiador e Director do Museo das Mariñas de Betanzos.

13.00 h. VISITA GUIADA EXPOSICIÓN “XENTE NO CAMIÑO”

14.00h. DEGUSTACIÓN DE PRODUTOS LOCAIS DA RESERVA DA BIOSFERA MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO

15.30 h. PERCORRIDO POLO ENCORO DE BECHE (CONCELLO ABEGONDO)

O Museo Xente No Camiño é único en Galicia polo seu contido e quen queira saber como eran os galegos da Idade Media fará ben en visitalo. Na parroquia de Presedo (Abegondo –A Coruña), poderá complementar a visita cos servizos dun mesón de produtos da terra, ademais dun sorprendente “Bosque Sagrado” en plena formación dende finais de 2014.


O Museo Xente no Camiño ten un sentido amplo. Calquera persoa vale, calquera camiño serve: *o camiño da vida dos nosos antepasados antigos e medievais*.

O emprego da palabra Camiño nos leva inmediatamente á idea do Camiño de Santiago, cousa que tamén procede, pola sinxela razón de que esta rede de vías terrestres e marítimas fixo de Galicia un centro de Europa, sendo como era un Finisterre xeográfico.

* pendiente de confirmar



Quen entre no Museo Xente no Camiño verá que Galicia tivo reis, raiñas, princesas... tivo xentes de oficios artesanais, campesinos, bispos, cregos, peregrinos, músicos, bufóns, santos e pecadores.... Se trata de amosar a faciana de todos os grupos sociais da Galicia medieval, sobre todo, na medida do posible.



A Asociación de Familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias afíns de A Coruña -AFACO- créase no ano 1995 coma unha entidade privada sen ánimo de lucro e personalidade xurídica propia, declarada de Utilidade Pública no ano 2005.

AFACO dispón dun Centro de día e un Centro Terapéutico de atención a persoas afectadas e pertencen a FAGAL (Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzheimer) e a CEAFA (Confederación Española de Asociacións de Persoas con Familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias).

No Museo “Xente no Camiño” na parroquia de Presedo (Concello de Abegondo) están ubicada a Exposición de pinturas de inspiración medieval “Xente no Camiño”, do artista Alfredo Erias.

Esta proposta artística, manifestada a través dos cuadros expostos, marca unha nova etapa no traballo do autor, xa que unifica tres das súas grandes paixóns: o dibuxo, a pintura e a historia para adentrarse no Universo medieval.

Dentro das grandes liñas de traballo comprendidas no Plan de Xestión da Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” (2007-2013), a liña estratéxica conservación dos recursos naturais e patrimoniais comprende os traballos de recuperación e conservación do patrimonio en diferentes fases, co obxecto de convertelo nun valor turístico e económico.

Obxectivos específicos desta Xornada:

- Dar a coñecer o patrimonio cultural e etnográfico da Reserva da Biosfera.
- Promocionar proxectos subvencionados ao abeiro do Programa LEADER.
- Difundir as oportunidades da Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” e a súa estratexia de conservación dos recursos naturais e patrimoniais.

MÁIS INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS:

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS-BETANZOS”

San Marcos, s/n; 15318 Abegondo

Tlfn. 981 669 541

info@marinasbetanzos.org

www.marinasbetanzos.org

SE DESEXA COMPARTIR VEHÍCULO: www.compartamoscoche.com



XORNADA

“O MEDIEVO, A CAMIÑERÍA E O LEGADO DOS ANDRADE”



DATA: XOVES 25 DE XUÑO DE 2015

HORA: 12.00 A 16.00 HORAS.

LUGAR: MESÓN-MUSEO XENTE NO CAMIÑO

Presedo - Abegondo

C.P.: 15318. A Coruña.

Colabora:



Asociación
Vedreira

Organiza:

